

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

ANUNCIO DEL PLAN ECONOMICO FINANCIERO

DONA M^a JOVITA GRAÑA FERNANDEZ, SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ,

CERTIFICO: Que o Concello Pleno na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 9 de xullo de 2019, a que asistiron todos os Concelleiros que legalmente compoñen a Corporación, adoptou entre outros o seguinte acordo:

9.- PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Vista a proposta de alcaldía, do teor literal seguinte:

Con data 21.02.2019 foi aprobada por decreto de alcaldía a liquidación do orzamento do exercicio 2018.

Visto o informe da secretaria - interventora sobre a necesidade da elaboración dun Plan Económico Financeiro, como consecuencia do incumprimento do obxectivo da estabilidade presupostaria e dos límites da regra de gasto.

Visto o contido do Plan Económico Financeiro que se adxunta como Anexo a esta proposta.

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

De conformidade co establecido nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de e estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira,

PROPOÑO Á CORPORACIÓN o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o Plan Económico Financeiro do Concello de Negueira de Muñiz nos termos que constan no documento anexo e que se consideran parte integrante do presente acordo. p

Segundo.- Dar traslado do Plan Económico Financeiro e de este acordo á Comisión Nacional de Administración Local.

Terceiro..- Darlle a mesma publicidade que a establecida polas Leis para os presupostos

da entidade, publicándoo no BOP a efectos exclusivamente informativos e poñéndoo a disposición do público.

PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2018

1. INTRODUCCIÓN

A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberase cumprir co principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea. Finalmente, avaliarase o cumprimento da regra do gasto, aos efectos que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Empresa.

A liquidación do orzamento de 2018, onde se pon de manifesto o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e da regra de gasto, arroxa uns resultados segundo os que o Concello de Negueira de Muñiz incumpre a estabilidade orzamentaria por importe de 30.678,77 euros e un incumprimento do obxectivo da regra de gasto por importe de 39.383,44 euros.

Este feito implica a necesaria formulación dun Plan Económico-Financeiro que permita, no ano en curso e o seguinte, o cumprimento da regra de gasto e estabilidade de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF.

2. CONTIDO E TRAMITACIÓN

De acordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento da regra de gasto.

- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.

- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios en que se contabilizarán.

- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe a que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.

- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

O Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses desde a presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento.

Pola súa parte, o artigo 20 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais determina respecto ao contido do plan económico-financeiro que conterà, entre outra información, a relación de entidades dependentes que conforman o perímetro de consolidación do subsector administracións públicas.

Respecto ao contido concreto do Plan, o artigo 9 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEPSF, ademais do contido a que se refire o seu artigo 21.2, establece como contido do Plan a seguinte información:

- a) As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data da súa implementación. Estas medidas deberán ser coherentes coa variación interanual das súas previsións orzamentarias respectivas.

- b) A estimación e xustificación dos axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro, calculado na forma que establece a regra do gasto.

- c) A evolución da débeda, o cumprimento do límite da débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación dos saldos de tesourería, o exceso de financiación afectada e o remanente de tesourería para gastos xerais.

En canto a tramitación dos plans económicos-financeiros o artigo 23 da LOEPSF, prescribe que os plans económico-financeiros elaborados polas Corporacións Locais deberán estar aprobados polo Pleno da Corporación. Os ditos plans deberán ser aprobados nun prazo máximo de dous meses desde a súa presentación e a súa posta en marcha non poderá

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento ou da apreciación das circunstancias previstas no artigo 11.3 da LOEPSF.

Ademais, remitirase para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local, e daráselle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os orzamentos da entidade.

Finalmente, o Ministerio de Facenda dará publicidade aos plans económico-financeiros, e á adopción efectiva das medidas aprobadas cun seguimento do impacto efectivamente observado das mesmas.

Por tanto, en aplicación do artigo 21, o presente Plan Económico-Financeiro ten por obxecto corrixir o incumprimento da regra de gasto derivada da liquidación do Orzamento Xeral do 2018, iniciándose no presente exercicio 2019 e finalizando no exercicio 2020.

3. SITUACIÓN ACTUAL

A liquidación do Orzamento Xeral do Concello de Negueira de Muñiz para 2018 ofrece as seguintes magnitudes:

-Remanente de Tesourería para gastos xerais axustado 390.695,17 **euros**

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

-Resultado orzamentario axustado 48.393,48**euros**

3.1. ANÁLISE DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

INGRESOS

DEREITOS RECOÑECIDOS

GASTOS

OBRIGAS RECOÑECIDAS

1,- IMPOSTOS DIRECTOS

248.720,06

1,- GASTOS DE PERSOAL

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

395.017,85

2,- IMPOSTOS INDIRECTOS

3.814,84

2,- BS. CTES. E SERVICIOS

167.609,22

3-TAXAS E OUTROS INGRESOS

8.534,08

3,- GTOS. FINANCEIROS

261,66

4,- TRANSFERENCIAS CORRENTES

343.382,87

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

4,-TRANSFERENCIAS CORRENTES

1.755,31

5,- INGRESOS PATRIMONIAIS

0,00

5-CONTINXENCIAS

--

6,- ALLEAMENTO INVEST. REAIS

0,00

6,- INVERSIÓN REAIS

307.262,78

7,- TRANSFERENCIAS CAPITAL

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

236.776,20

7,- TRANSFERENCIAS CAPITAL

0,00

RECURSOS

841.228,05

EMPREGOS

871.906,82

CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO

-30.678,77

Axustes a realizar sobre a Liquidación do Orzamento:

Para o Cálculo da Estabilidade Orzamentaria é necesario realizar unha serie de axustes derivados da existencia de diferenzas de imputación entre a contabilidade orzamentaria do Concello e os criterios de Contabilidade Nacional (SEC 2010). Estes axustes realizaranse nos termos marcados polo Manual de Cálculo do Déficit Público publicado pola IGAE.

De acordo co citado informe de intervención, segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes resultantes da liquidación do Orzamento xeral do exercicio 2018, nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes precisos, arroxa a seguinte **capacidade/necesidade de financiamento** :

CONCEPTOS

IMPORTES

a) Dereitos Recoñecidos capítulos. I a VII orzamento corrente

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

4.236.095,73

b) Obrigas Recoñecidas capítulos I a VII orzamento corrente

2.922.633,97

c) TOTAL (a – b)

1.313.461,76

AXUSTES

1) Axustes recadación capítulo 1

-2.608,01

2) Axustes recadación capítulo 2

0,00

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

3) Axustes recadación capítulo 3

-72,94

4) Axuste por liquidación PIE-2008

0,00

5) Axuste por liquidación PIE-2009

0,00

6) Axuste por liquidación PIE-2014

0,00

7) Axuste por devengo de xuros

0,00

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

8) Axuste por arrendamento financeiro

0,00

9) Axuste por gastos pendientes de aplicar a orzamento

0,00

10) Axuste por devolucións de ingresos pendientes de imputar a orzamento

0,00

12) Axuste Gastos de pago aprazado

0,00

13) Axuste consolidación transferencias con outras Administraci3ns P3blicas

0,00

d) Total axustes a liquidación 2018

2.680,95

e) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (c - d)

- 33.359,72

Por tanto, a liquidación do Orzamento Xeral do Concello de Negueira de Muñiz do exercicio 2018 **INCUMPRE o obxectivo de estabilidade orzamentaria** de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, de conformidade co previsto no artigo 3.1 3.2 e 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

3.2. ANÁLISE DA SUBSTENTABILIDADE FINANCEIRA.

O volume de débeda viva a 31 de decembro do 2018 é de 0,00 euros.

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

VOLUME DE DÉBEDA VIVA:

0,00

Porcentaxe débeda viva sobre ingresos correntes:

0,00%

Así pois, cómprese o límite do 110% previsto no artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.3. ANÁLISE DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO.

A modificación da LOEPSF pola Lei Orgánica 9/2013 supón a introdución dunha nova Regra fiscal de obrigado cumprimento para as Administracións Públicas por aplicación do principio de sustentabilidade financeira que se reformula incluíndo no mesmo, ademais da débeda financeira, a débeda comercial cuxo pago tense que verificar a través do indicador: **Período Medio de Pagamento**

.

Este parámetro constitúe un indicador económico cuxo cálculo foi modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

O dato obtido para o 1º Trimestre do exercicio 2019 foi o seguinte:

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

Entidade

Ratio de Operacións Pagadas

Ratio de Operacións
Pendientes de Pago

Período Medio de
Pago Trimestral

Negueira de Muñiz

9,34

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

2,13

9,34

3.4. ANÁLISE DA REGRA DE GASTO

Límite da Regra de Gasto

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

IMPORTES

Gasto computable liquidación 2017

375.928,88

Taxa de referencia PIB (2,4%)

384.951,17

Investimentos financeiramente sostibles

- 50.000,00

Aumentos permanentes de recadación

0,00

Límite regra de gasto 2018

384.951,17

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

Gasto computable liquidación 2018

424.334,61

Obsérvase un incumplimento da regra do gasto na liquidación orzamentaria do exercicio 2018 pola contía citada de **39.383,44 euros**.

4. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO

Mediante Resolución de Alcaldía aprobouse expediente de modificación de créditos por incorporación de remanentes de crédito (expediente 1/2018) por importe de 45.323,19 euros.

Dito expediente de modificación de créditos por incorporación de remanentes de crédito e o emprego de maiores ingresos supón, para o exercicio no cal se realizan, un incremento dos gastos non financeiros e un incremento do gasto computable a efectos de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto, sen prexuízo de que o mesmo se financie co aforro derivado da liquidación do exercicio anterior, é dicir, co remanente de tesourería. A incorporación de remanentes de crédito con financiación afectada é obrigatoria por imperativo legal, en virtude do disposto no art. 182.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais. En este caso, dita incorporación débese a unha subvención outorgada pola Deputación Provincial de Lugo enmarcada dentro do programa Plan Único 2017.

En canto aos gastos financiados con recursos propios do remanente de tesourería para gastos xerais e a utilización de maiores ingresos para financiar gastos xerais, a Corporación asume a necesidade de realizar estes gastos inaprazables para garantir o correcto funcionamento de servizos e a realización de inversións.

Dedúcese, por tanto, que **o incumprimento da Regra de Gasto na liquidación do orzamento municipal do exercicio 2018 débese á aprobación do expediente de modificación de crédito por incorporación de remanente, con carácter obrigatorio**

5. MEDIDAS A ADOPTAR

Analizada a situación do Concello de Negueira de Muñiz a 31 de decembro de 2018, para determinar as medidas a aplicar, por unha banda debemos reproducir a resposta da Intervención Xeral da Administración Estatal (IGAE) a unha consulta formulada polo Colexio de Secretarios Interventores e Tesoureiros de Administración Local (COSITAL), ante o director do Observatorio de Estabilidade Orzamentaria para un caso similar:

“(...) O artigo 47 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, determina que os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente constituíndo a súa fonte de financiamento os excesos de financiamento e os compromisos firmes de achega afectados aos remanentes que se pretende incorporar.

O exceso de financiamento afectado, isto é, a magnitude orzamentaria que constitúe o remanente de tesourería afectado, está formado por ingresos finalistas, os cales, conforme á lexislación vixente, só poden destinarse ao financiamento daqueles gastos aos que a lei os vincula e que, non sendo consumidos integramente no exercicio en que se percibiron, deben ser utilizados nos exercicios seguintes. Neste sentido, o artigo 182.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que: «Os créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto».

Entre tales ingresos finalistas atoparíanse non só as subvencións doutras Administracións Públicas, senón tamén, e a modo de exemplo, os recursos obtidos por préstamos bancarios, polo alleamento de parcelas e outros de natureza urbanística, sendo todos eles de utilización obrigatoria.

Atendendo a criterios orzamentarios, a Orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades locais, dispón que as aplicacións ao orzamento dos ingresos contidos no remanente de tesourería recolleranse, ao longo do exercicio, no capítulo 8 do orzamento de ingresos de cada entidade local, sen que en ningún caso tales ingresos poidan formar parte dos créditos iniciais do orzamento.

Considerando o exposto, o remanente de tesourería configúrase como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, si financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e, posiblemente, ao límite fixado pola regra de gasto.

A garantía do principio de estabilidade orzamentaria conságrase no artigo 135 da Constitución e é desenvolvido pola Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, cuxo artigo 3 dispón que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da norma realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, entendéndose por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Pola súa banda, o artigo 12 da citada Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, establece a regra de gasto e sinala que a variación do gasto computable das Corporacións locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

A citada Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, dispón no seu artigo 21 que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ou da regra de gasto, a entidade local deberá aprobar un plan económico financeiro que permita nun ano alcanzar tales obxectivos.

Considerando o exposto, a utilización do remanente de tesourería afectado para financiar gasto non financeiro, esixirá a aprobación dun plan económico financeiro, posto que, conforme á normativa actual, xera inestabilidade orzamentaria no momento de executar a modificación orzamentaria, aínda que nunca con motivo da aprobación do orzamento e, posiblemente, tamén dea lugar a un incumprido da regra de gasto.

Agora ben, faise necesario analizar o alcance de tales incumprimentos así como os seus efectos sobre a situación económico financeira da entidade local e, en consecuencia, cal debera ser o contido do plan económico financeiro a aprobar.

O remanente de tesourería, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, a súa natureza identificaríase co aforro que xera unha entidade local nun exercicio como consecuencia do desfase entre a execución duns ingresos orzamentarios e as obrigas recoñecidas ás que están afectados de forma tal que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigacións de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo.

En consecuencia, non cabe admitir que a utilización do remanente de tesourería afectado por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, habería de identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento.

Sentada a natureza do remanente de tesourería afectado cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira dunha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse á situación descrita.

A primeira consideración sobre as medidas a aprobar parte da imposibilidade de admitirse, como medida do plan para corrixir o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a non utilización do remanente de tesourería de carácter afectado pola xa citada obrigación legal da súa utilización.

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e, no seu caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesourería afectado lograríase coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio orzamentario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha dada a natureza do remanente de tesourería afectado no ámbito da Administración local. Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida”.

En termos similares se manifesta a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, en abril de 2013, fronte a consulta da Deputación de Málaga na que se formulan diversas cuestións sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto ante a necesidade de incorporación de remanentes de crédito:

“(…) Considerando o exposto non cabe admitir que o emprego do remanente de tesourería por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, habería de identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento, en tanto en canto o remanente de tesourería é froito dun aforro orzamentario que permitirá á entidade local o financiamento de parte dos gastos doutros exercicios sen necesidade de acudir aos ingresos non financeiros do exercicio nin á obtención de recursos financeiros achegados por terceiros.

Sentada a natureza do remanente de tesourería cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira dunha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse á situación descrita.

*A primeira consideración sobre as medidas a aprobar parte da imposibilidade de admitirse, como medida do plan para corrixir o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a non utilización do remanente de tesourería, **nin o de carácter afectado pola xa citada obrigación legal da súa utilización,** **nin o de carácter xeral** xa que carece de sentido económico renunciar ao aforro xerado pola entidade local para o financiamento de gastos orzamentarios acudindo a outras fontes de financiamento con custo para a entidade local*

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de

estabilidade orzamentaria e, no seu caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesourería lograríase coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte en situación de equilibrio orzamentario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha dada a natureza do remanente de tesourería no ámbito da Administración local. Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida o que se entende compatible co plan de axuste que a Deputación Provincial de Málaga ten en vigor”.

A evolución dos ingresos e gastos do Concello de Negueira de Muñiz, reflexados nos orzamentos aprobados para o exercicio 2019, mostran unha situación de equilibrio orzamentario polo que, baixo a hipótese de non producirse cambios nas políticas fiscais e de gastos, aseguran o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, sustentabilidade e dentro do límite de variación do gasto computable, así como a recuperación do obxectivo de regra de gasto.

En cumprimento co anterior, non se establece ningunha medida a adoptar, xa que todas as magnitudes reflexan que a situación económico-financieira da Entidade é positiva, tal e como se observa no apartado terceiro deste Plan Económico Financeiro, e o incumprimento que afecta á regra de gasto radica na obrigatoriedade da incorporación de remanentes de crédito. Por tanto, dito incumprimento corríxese coa aprobación do orzamento dos exercicios seguintes (2019 e 2020) en situación de equilibrio orzamentario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de adoptar medida estrutural algunha, debido á natureza do remanente de tesoureira no ámbito da Administración Local.

6. ANÁLISE DE SENSIBILIDADE CONSIDERANDO ESCENARIOS ECONÓMICOS ALTERNATIVOS

A tenor do sinalado no presente Plan Económico Financeiro, non é preciso contemplar escenarios alternativos, quedando garantida a sustentabilidade financeira co exposto neste PEF.

7. CONCLUSIÓN

Analizada a situación económica da Corporación derivada da liquidación do orzamento de 2018, podemos afirmar que todas as magnitudes orzamentarias que reflexan un incumprimento de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, tal e como se detallou con anterioridade, é consecuencia directa da aprobación do expediente de modificación de crédito por incorporación de remanentes que, de acordo coa normativa vixente para as Facendas Locais, ten carácter obrigatorio. Así mesmo, o Concello arroxa un volume de débeda viva de 0 euros e un resultado positivo do período medio de pago.

En consecuencia e atendendo á resposta da IGAE á consulta formulada por COSITAL, e da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local á consulta da Deputación de Málaga, antes transcritas, fronte a situacións similares ás que se atopa o Concello de Negueira de Muñiz, relativas a incumprimentos da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto derivados do emprego do remanente de tesourería, e que veñen a sinalar que o contido dos PEF neste caso podería limitarse á aprobación do Orzamento municipal para os exercicios 2019 e 2020, cumprindo os principios de estabilidade orzamentaria, límite da débeda e regra de gasto, polo que non cabe admitir que o emprego do remanente de tesourería por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural. É máis, habería que identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento da aprobación da liquidación do orzamento.

O remanente de tesourería configúrase como un ingreso financeiro, cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo á financiación do fin imposto por unha norma con rango de lei, de forma que se financia gastos de carácter non financeiro pode dar lugar a un incumprimento, como é o caso, da regra de gasto.

En virtude do disposto anteriormente, o Concello de Negueira de Muñiz presenta neste Plan Económico Financeiro a aprobación e execución dos orzamentos dos exercicios 2019 e 2020 como única medida de corrección, xa que estes garanten o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto.

O Plan Económico Financeiro publicarase no Boletín Oficial da Provincia a efectos unicamente informativos e atoparase a disposición dos interesados na páxina web oficial e nas oficinas do

PLAN ECONOMICO FINANCIERO

Escrito por Concello de Negueira - Perfil del Contratante

Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:36 - Actualizado Lunes, 14 de Octubre de 2019 11:40

Concello dende a data da súa aprobación ata o fin do período de vixencia.

Sometido o asunto a votación , queda aprobado por tres votos a favor do PSOE, e dúas abstencións de Negueira Viva.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente de Orde e co Visto e Prace do Sr. alcalde D. José Manuel Braña Pereda, en Negueira de Muñiz, a nove de xullo de 2019.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE-